



Dámosche a benvida a **AlgoEntreNós**:

Desde o equipo coordinador deste programa queremos agradecerche a confianza depositada en nós e darche unha coidadosa acollida ao programa. Como sabes, **AlgoEntreNós** é un programa que foi deseñado pensando en vós, o profesorado. O obxectivo foi crear unha **plataforma interactiva onde atopas todo o necesario para dinamizar cinco retos de aula centrados na prevención da violencia machista no contexto das relacións afectivas heterosexuais de adolescentes**.

O programa céntrase nas **relacións cisheterosexuais** por ser estas a base da violencia machista e, moitas veces, as primeiras formas aprendidas de amar. Porén, non debemos esquecer a existencia doutras orientacións e disidencias sexuais que tamén sofren estas e outras formas de violencia. Así, ao previr esta forma de violencia tamén estamos previndo o establecemento doutras relación tóxicas, sexan ou non cisheterosexuais.

AlgoEntreNós xira arredor dunha narrativa deseñada para resultar atractiva para o alumnado. Trátase dunha historia que se desenvolve en forma de **viaxe ou aventura na que o alumnado** repensará vivencias persoais e reflexionará sobre as relacións afectivas **para así superar os diferentes retos que lles propoñemos**.

En cada reto, abordarase un pequeno fragmento desta viaxe, onde o traballo do alumnado na aula se dividirá en dous momentos: un máis dinámico de interiorización de conceptos a través da práctica e outro máis reflexivo, onde o alumnado terá que consensuar a súa decisión fronte ao reto. Desta maneira, as **dinámicas de grupo** vertebran o programa polo que o teu **traballo de acompañamento e dinamización é fundamental**.

No e-mail que recibiches no día de hoxe atoparás a información necesaria para dar inicio a esta viaxe: un cartafol de presentación do programa, os datos de acceso á plataforma e o noso contacto para resolver calquera incidencia ou dúbida.

Como os fíos que se xuntan en nós para amarrar e dar seguridade, queremos unirnos para crear novos modelos de relación a través de algo novidoso, algo entre nós. Agora ti xa formas parte destes nós.

Unha forte aperta,

O equipo coordinador de **AlgoEntreNós**